CONCELLO DE PONTEVEDRA

CONCELLO DE PONTEVEDRA
A presente copia concorda co seu orixinal.
Pontevedra 25 SEP 2001
O Secretario xeral

En Pontevedra a 11 de Agosto de 2000

Dunha parte, D. Miguel A. Fernández Lores Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Pontevedra

Doutra parte, Director Xeral de Empresa R.

**OBXECTO DO CONVENIO**

Dotar a Pontevedra dos máis modernos servizos de telecomunicación e da calidade urbana máis avanzada, reducindo o impacto das obras necesarias para estes fins a realizar unha temporalización destas actuacións de xeito que, no fundamental, rematen antes do ano 2002.

Para acadar este obxectivo, as partes firmantes adquiren as seguintes

**CLÁUSULAS**

1.- A Empresa R comprométese a completar o seu despliegue durante os anos 2000 e 2001 en toda a cidade, rematando salvo causas non imputables a Empresa, todas as obras neste periodo.

2.- As acometidos e enganches posteriores ao 31 de decembro do 2001 terán, ademáis da autorización expresa do Concello, unha reposición coidada decidida por técnicos municipais de xeito que non deixen secuelas nos pavimentos.

3.- Estableceranse prazos parciais máis curtos para certas zonas da cidade de mutuo acordo entre o Concello e a Empresa.

4.- O Concello de Pontevedra comprométese a realizar un tratamento de rúas e demáis espacios urbanos de xeito que se eliminen as barreiras arquitectónicas e sensoriais, ordenese o tráfico e se facilite a mobilidade peonal; para este fin adicará fondos propios e solicitará axudas de outras Administracións e Empresas.

5.- As partes firmantes comprometen-se a coordinar, planificar e temporalizar as súas actuacións para unha maior eficacia e minimizar as dificultades e molestias.

6.- Calqueira das partes asinantes, ben conxuntamente, ben por separado, poden realizar a publicidade que estimen oportuno dos contidos do acordo así como do conxunto de actuacións previstas.

Firmado por triplicado exemplar no lugar e data arriba indicados.

POLO CONCELLO

Asdo.: Miguel A. Fernández Lores

POLA EMPRESA